



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia: Historia dos países do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Historia: Historia dos países do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01101			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Seijas Montero, Maria			
Profesorado	Seijas Montero, Maria			
Correo-e	mariaseijas@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	<p>Esta materia impártese no primeiro ano do Grao en Linguas Estranxeiras, dentro do bloque de Formación básica. Con ela preténdese que o alumnado coñeza e familiarícese cos acontecementos fundamentais da historia, cultura e civilización dos países de fala inglesa, prestándolle unha especial atención ao Reino Unido e aos Estados Unidos de América.</p> <p>Os coñecementos adquiridos nela son unha base fundamental e, en certos aspectos, un complemento imprescindible para abordar a aprendizaxe específica da literatura e linguas do primeiro idioma estranxeiro.</p>			

## Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
C75	Coñecer os períodos máis importantes da historia política dos países do primeiro idioma estranxeiro.
C76	Coñecer os períodos máis importantes da historia económica dos países do primeiro idioma estranxeiro.
C77	Coñecer as principais características da historia social dos países do primeiro idioma estranxeiro.
C78	Coñecer as principais características da historia cultural dos países do primeiro idioma estranxeiro.

C79	Desenvolver a capacidade de comprender as claves interpretativas da evolución histórica dos países do primeiro idioma estranxeiro.
C80	Desenvolver a capacidade de recoñecer as achegas dos países do primeiro idioma estranxeiro á historia universal.
C81	Adquirir a habilidade de recoñecer a evolución diferenciada dos diferentes países do primeiro idioma estranxeiro.
C82	Adquirir a habilidade de interpretar as características dos sistemas constitucionais dos países do primeiro idioma estranxeiro.
C148	Desenvolver a capacidade de comprender a xeopolítica dos países do primeiro idioma estranxeiro no contexto do mundo actual.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
- Coñecemento dos principios constitucionais dos países do primeiro idioma estranxeiro.	A1 A5	B7	C82
- Coñecemento dos períodos máis importantes da historia política dos países do primeiro idioma.	A1 A2 A3	B10 B11 B12	C75
- Coñecemento dos períodos máis importantes da historia económica dos países do primeiro idioma.	A1 A2 A3	B10 B11	C76
- Coñecemento das principais características da historia social dos países do primeiro idioma.	A1 A2 A3	B10 B11	C77
- Coñecemento das principais características da historia cultural dos países do primeiro idioma.	A1 A2	B10 B11	C78
- Capacidade para comprender as claves interpretativas da evolución histórica dos países do primeiro idioma.	A1 A2	B10 B11	C79
- Capacidade para comprender a xeopolítica dos países do primeiro idioma no contexto do mundo actual.	A2 A3 A4	B7 B10 B11 B12	C148
- Capacidade para recoñecer as achegas dos países do primeiro idioma á historia universal.	A2 A3 A4	B7 B10 B11 B12	C80
- Habilidade para recoñecer a evolución diferenciada dos diferentes países do primeiro idioma.	A2 A3 A4	B7 B10 B11 B12	C81
- Habilidade para interpretar as características dos sistemas constitucionais dos países do primeiro idioma.	A2 A3 A4 A5	B7 B10 B11 B12	C82

### Contidos

Tema	
1. As Illas Británicas	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Inglaterra na época medieval.</li> <li>2. Gran Bretaña na época moderna: bases socioeconómicas, principais transformacións culturais e triunfo do réxime parlamentario.</li> <li>3. Os principais cambios estruturais e sociais dos séculos XVIII e XIX.</li> <li>4. O desenvolvemento do colonialismo.</li> <li>5. Gran Bretaña despois da primeira guerra mundial e a disolución do imperio colonial.</li> </ol>
2. Os Estados Unidos de América	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A independencia de Estados Unidos de América e a constitución dun novo modelo político.</li> <li>2. A Guerra de Secesión e a conversión de EUA nunha gran potencia económica a nivel mundial.</li> <li>3. O ciclo de entreguerras en EUA. Gran capitalismo e depresión.</li> <li>4. EUA da segunda guerra mundial á actualidade: cambios sociais e evolución política.</li> </ol>

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	23	0	23
Traballos de aula	9	0	9
Traballo tutelado	8	18	26

Debate	2	4	6
Actividades introductorias	1	0	1
Resolución de problemas	1	0	1
Traballo	1	32	33
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	48	49
Outras	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición oral dos contidos da materia por parte da profesora.
Traballos de aula	Resolución de exercicios, individualmente ou en grupo, baixo a dirección do profesorado.
Traballo tutelado	Traballos tutelados individuais ou en colaboración en grupo formal. Inclúen a lectura e a investigación bibliográfica ou doutras fontes en relación cun ou máis temas. Finaliza coa redacción, entrega e exposición oral dun traballo.
Debate	Debate e discusión sobre un tema específico ou problema relacionado coa materia.
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho do docente en horario de titorías oficiais e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Traballos de aula	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho do docente en horario de titorías oficiais e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Traballo tutelado	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho do docente en horario de titorías oficiais e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Debate	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho do docente en horario de titorías oficiais e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Probas	Descrición
Resolución de problemas	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho do docente en horario de titorías oficiais e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Traballo	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho do docente en horario de titorías oficiais e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Formulación de problemas que o alumnado debe resolver na clase relacionados coa parte do temario impartido nas clases teóricas.	20	A1 B7 A2 A3 A4
Traballo	Redacción escrita e exposición oral dun traballo, que pode facerse en grupos pequenos. Implica a súa exposición oral, o debate e a defensa do devandito traballo.	20	A2 B11 C79 A3 B12 C81 A4 A5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Contestar a unha serie de cuestións e preguntas relacionadas coa parte do temario impartida a través de clases teóricas ou sesións maxistras, así como unha proba ou probas prácticas.	50	A4 B10 C75 C76 C77 C78
Outras	En todas as actividades e probas valorarase a participación activa do alumnado.	10	A2

### Outros comentarios sobre a Avaliación

## Primeira edición das actas :

O alumno/a debe escoller a principio de curso o sistema de avaliación continua ou o sistema de avaliación única. Recomendase, en todo caso, o primeiro deles. Para non perder a avaliación continua será necesario entregar, como mínimo, tres dos exercicios feitos en clase e indicados pola profesora que se realizarán durante o cuadrimestre nas clases prácticas.

O alumnado que siga o sistema de **avaliación continua** deberá notificalo nas dúas primeiras semanas de clase e realizará un exame, que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 50% da nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento dun tema e contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. Ademais, o 20% da nota final obterase coa resolución de exercicios relacionados con algúns temas que se realizarán nas clases prácticas. Outro 20% da nota final obterase coa redacción escrita e exposición oral dun traballo. O 10% restante obterase coa participación activa do alumnado en todas as actividades desenvolvidas na aula.

**Recoméndase** o uso da **bibliografía complementaria** indicada pola profesora, a disposición das estudantes e os estudantes nas bibliotecas da Universidade de Vigo, para a realización dos traballos que implican exposición oral, o debate e a súa defensa. A exposición terá lugar nas catro últimas semanas e terán que ser entregados á profesora cunha semana de antelación á súa exposición. Non se admitirán os traballos fora do prazo indicado pola profesora e non se tolerará o plaxio das actividades baixo ningunha circunstancia, moi especialmente a copia directa de internet e, especialmente, de wikipedia. A copia ou plaxio, total ou parcial, nos traballos suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

O alumno/a que non siga o sistema de avaliación continua terá **avaliación única** mediante un exame, na data oficial establecida no calendario de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 60% da nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento dun tema e contestar a varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. O 40% restante será completado a través dun traballo obrigatorio, a convir coa docente, que os alumnos/as deberán entregar como data límite na fixada para a realización da proba escrita. Para poder superar o exercicio será necesario obter como mínimo 3 puntos na parte teórica e 2 no traballo.

Na **segunda edición de actas (xuño-xullo)** o alumnado de **avaliación continua** que realizou todos os traballos prácticos e obtivo unha cualificación de polo menos 5 sobre 10, non terá a obriga de volver presentalos. Deberá superar só un exame sobre a materia impartida nas clases teóricas, que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 50% da nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento dun tema e contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. O alumnado que non acadara a nota mínima requirida durante o curso ordinario nos traballos prácticos, o de **avaliación única** e o alumnado de **cursos posteriores** deberá realizar un exercicio escrito que constará dunha parte teórica e doutra práctica. A parte teórica que representa o 60% da cualificación, versará sobre contidos do programa da materia. A parte práctica que representará o 40% da cualificación versará sobre aspectos do programa que foran traballados durante o curso. Para poder superar o exercicio será necesario obter como mínimo 3 puntos na parte teórica e 2 na práctica.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

BRIGGS, A., **Historia social de Inglaterra**, Alianza Editorial, 1994

GUARDIA HERRERO, C de la, **Historia de los Estados Unidos**, Silex, 2011

HERNÁNDEZ ALONSO, J. J., **Los Estados Unidos de América: historia y cultura**, Almar, 2002

NEVINS, A. et al., **Breve historia de los Estados Unidos**, Fondo de Cultura Económica, 1994

SPECK, W. A., **Historia de Gran Bretaña**, Cambridge University Press, 1996

TOWNSON, D., **Breve historia de Inglaterra**, Alianza Editorial, 2015

#### **Bibliografía Complementaria**

ASIMOV, I., **La formación de Inglaterra**, Alianza Editorial, 1994

BENDER, T., **Historia de Estados Unidos: una nación entre naciones**, Siglo XXI, 2011

BENEGAS LYNCH, A., **Estados Unidos contra Estados Unidos**, Fondo de Cultura Económica, 2008

BERG, M., **La era de las manufacturas (1700-1820): una nueva historia de la revolución industrial británica**, Crítica, 1987

CANALES, E., **La Inglaterra victoriana**, Akal, 1999

FERGUSON, N., **El Imperio británico: cómo Gran Bretaña forjó el mundo**, Debate, 2005

GRANT, S.M., **Historia de los Estados Unidos de América**, Akal, 2014

HERNÁNDEZ, J., **Norte contra sur: historia total de la Guerra de Secesión (1861-1865)**, Inédita, 2008

HERNÁNDEZ SÁNCHEZ-BARBA, M., **Historia de los Estados Unidos de América: de la república burguesa al poder presidencial**, Marcial Pons, 1997

HERNÁNDEZ SANDOICA, E., **El colonialismo (1815-1873): estructuras y cambios en los imperios coloniales**, Síntesis, 1994

JOHNSON, P., **Estados Unidos. La historia**, Javier Bergara Editor, 2001

PÉREZ CANTÓ, M<sup>a</sup> P., **De colonias a república: los orígenes de los Estados Unidos de América**, Síntesis, 1995

SCHAMA, S., **Auge y caída del Imperio Británico (1776-2000)**, Crítica, 2005

TAYLOR, A. J. P., **Historia de Inglaterra, 1914-1945**, Fondo de Cultura Económica, 1989

WALLESTERSTEIN, I., **Estados Unidos confronta al mundo: alternativas**, Siglo XXI, 2005

WRIGLEY, E.M., **Cambio, continuidad y azar: carácter de la revolución industrial inglesa**, Crítica, 1992

---

## Recomendacións

---

### Outros comentarios

---

-Os alumnos de intercambio deben coñecer o idioma en que se imparte a materia para poder seguila.

-É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

-A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-A copia ou plaxio nos traballos ou no exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ó alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

---